



ANEXO DE DEREITOS E DEBERES COMO PERSOA BENEFICIARIA DO SAF MUNICIPAL E PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Datos persoais	
NIF/NIE	

Dereitos das persoas usuarias :

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na normativa en vigor en materia de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Respecto dos seus dereitos lingüísticos.

Deberes das persoas usuarias :

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os



cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal que presta o servizo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co/coa traballador/a social municipal, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Información sobre Protección de Datos (RGPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

RESPONSABLE: CONCELLO DE LALÍN

FINALIDADE E LEXITIMACIÓN: prestación do servizo de axuda no fogar.

DESTINATARIOS: non se cederán datos a terceiros, salvo os necesarios a empregados/as, colaboradores/as e provedores para a prestación do servizo e/ou por obriga legal.

CONSERVACIÓN: os datos persoais proporcionados conservaranse mentres non solicite a súa supresión ou cancelación e sempre que resulten axeitados, pertinentes e limitados ao necesario para os fins para os que sexan tratados.

DEREITOS: Acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como outros dereitos como limitar os seus datos, opoñerse e solicitar a portabilidade. Cando proceda, tamén poderá revocar o seu consentimentos en calquera momento. Para tramitar os seus dereitos deberá acudir a: Praza de Galicia, 1 – 36.500 – Lalín (Pontevedra) ou acceder a www.lalin.sedelectronica.gal.

Lalín, de..... de 20....

[] SOLICITANTE [] REPRESENTANTE LEGAL [] GARDADOR DE FEITO